

CHEGARON OS TROGLODITAS!!!

Fai uns días, ao noso cole, chegaron uns trogloditas moi simpáticos. Mirade!

Son os nenos, as nenas e as profes de Educación Infantil que están levando a cabo un proxecto sobre Prehistoria. Están descubrindo e aprendendo moitos aspectos sobre esta época e... o máis importante: aprenden xogando!!!

Sabemos que están traballando en máis sorpresas, pero hai que esperar!!



SORPRESA!

Con motivo da Semana das Letras Galegas estamos levando a cabo diversas actividades no colexio que, pouco a pouco, vos iremos ensinando.

Pero tamén tivemos unha sorpresa: a profe Laura sabe tocar o acordeón e de que maneira... Picade na imaxe e xa veredes, pois deleitounos con varias cancións, que nos daban ganas de bailar. MOITAS GRAZAS LAURA!

Ademais contou coa colaboración dos nenos e das nenas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, que interpretaron unha canción con flauta acompañados do acordeón.

Tamén descubrimos que un dos nosos alumnos sabe tocar o acordeón: Adrián. MOI BEN!!!



<https://www.kizoa.es/Editar-V%C3%ADdeos-Movie-Maker/d268860559k2029757o111/acorden>

CHARLAS SOBRE IGUALDADE

Fai unhas semanas contamos coa visita de dúas rapazas que nos axudarán a concienciarnos sobre a igualdade e o que isto leva consigo.

Así, ademais de facernos reflexionar, aportaronnos información sobre esta temática.



O martes pasado tivemos a última das charlas sobre igualdade que vos comentábamos fai uns días. Ao longo delas tratamos diferentes aspectos sobre esta temática.

Estas charlas axudáronnos a descubrir conceptos que, para moitos de nós, eran descoñecidos e, se os coñeciamos, non eramos conscientes do seu verdadeiro significado, como homosexualidade ou transexualidade.

Ademais tamén tratamos a violencia de xénero, tomando conciencia da diferenza entre este tipo de violencia e a violencia doméstica, física ou psicolóxica. Así mesmo adquirimos pautas para reaccionar axeitadamente se nos percatamos da existencia dalgún tipo desta violencia ao noso redor.

Tal e como vos comentábamos, estas charlas servíronnos para aprender, pero tamén para reflexionar. MOITAS GRAZAS RAPAZAS!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CHARLAS%20IGUALDADE.pdf>

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Picando nesta imaxe veredes algunhas das actividades que levamos a cabo para conmemorar a Semana das Letras Galegas e coñecer ao escritor ao que se lle dedicaban este ano: Antonio Fraguas Fraguas.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/Semana%20das%20Letras%20Galegas.pdf>

VISITA DE CAXOTO

Hoxe contamos coa visita estelar do contacontos CAXOTO.

Todos e todas quedamos abraiados coa súa voz e a súa peculiar forma de contar os contos. Mandounos escoller o noso menú e, a verdade, que nos encantou:

De 1º prato, o conto de Nicómedes

De 2º prato, o conto de As clases de tuba

E... de sobremesa unha cantiga de Manuel María. Picando na imaxe veredes que nos pediu colaboración 😊 MOITAS GRAZAS CAXOTO, volveremos a vernos axiña!



<https://www.kizoa.es/Editar-V%C3%ADdeos-Movie-Maker/d270850121k1877031o111/caxoto>

FOMOS DE RUTA DE SENDE-

Fai uns días, fomos de ruta de senderismo a Goente e... sabedes que? Vimos cabalos, covas,... moitas cousas.

A verdade é que o pasamos xenial e ademais aprendemos moitos aspectos relacionados coa paisaxe, coas árbores, coas pedras,... Todo isto grazas a Francisco Canosa, un xeólogo, que nos guiou e nos ía explicando todo canto atopábamos. MOITAS GRAZAS!

Ademais de pasalo ben alí, no sitio, tamén disfrutamos a nosa viaxe de ida e volta no autobús. Picade na imaxe e xa veredes!



<https://www.kizoa.es/Editar-V%C3%ADdeos-Movie-Maker/d272434301k5967847o111/excursin->

OS NOSOS SORBOS DE LECTURA

Xa vos comentamos, fai uns días que, con motivo da celebración da Semana do Libro, estábamos preparando varias actividades.

Unha que nos falta por ensinarvos é esta, na que cada neno e cada nena, escolliu o seu libro favorito e nos explica porque lle gusta.

<https://www.youtube.com/watch?v=xFjXbVYy7l8&feature=youtu.be>

AS NOSAS PINTURAS RUPESTRES

Tal e como vos informamos fai uns días, os nenos e as nenas de Educación Infantil, estiveron investigando sobre a Prehistoria. Descubriron moitas cousas e ata conseguiron facer maxia, sabedes como?

Pois ao descubrir que na Prehistoria se facían pinturas rupestres nas covas, decidiron pintar un animal prehistórico e logo picalo conseguindo así unha plantilla.

Esta plantilla puxérona enriba do papel e cunha esponxa déronlle cor. Ao quitar a plantilla... MAXIA! O animal prehistórico aparecía no papel.

Velaquí que pinturas rupestres máis bonitas fixeron!



A PRIMAVERA

Agora os nenos e as nenas de Educación Infantil están inmersos nunha investigación sobre as abellas, pois fai uns días atopamos varios destes animalíños no patio e queremos saber se son perigosas, de que se alimentan, por que non as vimos ata esta época do ano,...?



DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

O pasado mércores, 5 de Xuño, conmemoramos este día. Para isto asistimos á praza do concello, invitados polos empresarios da zona, en colaboración co concello.

Alí había unha grande carpa na que varias empresas das Somozas nos ensinaban en que consistía o seu traballo relacionado coa reciclaxe.

Ademais houbo un contacontos para o alumnado de Educación Infantil e varios talleres para o alumnado de Educación Primaria.

Aquí vos deixamos algunhas imaxes que amosan o ben que o pasamos, ademais de tomar conciencia do importante que é reciclar.



PROXECTO DE LONDRES

Os nenos/as de quinto e sexto de primaria neste último trimestre, non só traballamos a lingua inglesa; senón tamén lle demos unha voltiña á cultura, os costumes e iconos da vida Londinense. A bandeira e cores que rexen o Reino Unido, quen o goberna, monumentos importantes da cidade, símbolos elementais do núcleo urbano etc...

E mediante as seguintes fotos que se mostran a continuación veredes as maquetas que elaboramos e como todos os nosos compis máis pequenos, estiveron atentos a nosa exposición e explicación das características desta cidade tan impresionante. Disfrutade moito delas!!!



FESTIVAL FIN DE CURSO

Aquí vos deixamos algunhas fotografías e vídeos das actuacións do festival de fin de curso.

Ao comezo estábamos un pouco nerviosos, pero cando vimos as caras de alegría das nosas familias ao vernos enriba do escenario, os nervios desapareceron e saíronnos unhas actuacións e unhas interpretacións impresionantes.

Queremos darvos as grazas por acompañarnos e por arrouparnos en todo momento; a vosa presenza e as vosas caras de sorpresa son para nós de grande axuda neses momentos.

Ademais, todos os profes do colexio, tamén vos queremos agradecer o agarimo que, día a día, tedes connosco. MOITAS GRAZAS!

<https://www.youtube.com/watch?v=Dt0OUgjk0g4&feature=youtu.be>

ÚLTIMO DÍA DO CURSO

Un ano máis, o último día de colexio, compartímolo coas familias. Xa van dous anos que o facemos así e gústanos moito esta idea, pois nenos e adultos pasámolo xenial.

O primeiro que fixemos cando chegamos ao colexio foi deixar os produtos que trouxemos das nosas casas para logo comezar a nosa andaina solidaria.

Deseguido, realizamos algúns xogos tradicionais, nos que participamos todos: nenos, profes e familias; e o cociñeiro Fran e a coidadora Marisa, a quen damos as grazas porque nos axudan moitísimo en todo e participan en canto lles propoñemos, sen dubídalos nunca.

Finalmente, como non podía ser doutra maneira, rematamos a xornada comendo todos xuntos.

A verdade foi un día que será recordado por todos nós, pois disfrutamos moito recordando a nosa infancia cos máis pequenos.

<https://www.youtube.com/watch?v=DVsBsHuQn94&feature=youtu.be>

O MELLOR CONTACTOS

BICOS

Este curso imos promover a lectura entre os máis pequenos, e farémolo os maiores do cole, promovendo un concurso no que todos serán protagonistas.

O título do concurso é "O MELLOR CONTACTOS" e consiste en que os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º contarán un conto a todos os nenos e nenas do cole. Faranno por grupos de dous ou tres nenos, eles escollerán na biblioteca o libro co que queren concursar e intentarán presentarllo aos demais de maneira que non se podan resistir á tentación de collelo eles na biblioteca en canto podan...

Estes contacontos, Terán lugar na biblioteca durante o tempo do plan lector, todos os venres, de maneira que ao re-matar cada conto, se repartirán unhas papeletas de votación, para que todos podan anotar a súa valoración.

Empezamos sin máis dilación co primeiro conto: "BICOS..." que nolo presentan Alex e Brais de 5º de Primaria.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTAC1%20BICOS.pdf>

CANDO SEXAS PEQUEÑO...



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTAC2%20CANDO%20SEXAS....pdf>

O OURIZO



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTAC3%20O%20OURIZO.pdf>

IMOS CAZAR UN OSO!



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTAC4%20IMOS%20CAZAR%20UN%20OSO.pdf>

MULÁN



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTAC%20MUL%C3%81N.pdf>

MORTINA



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/CONTAC6%20MORTINA.pdf>

A HISTORIA DOS BONOBOBOS CON LENTES



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/A%20HISTORIA%20DOS%20BONOBOBOS%20CON%20LENTES.pdf>

ENTREGA DE PREMIOS AOS MELLORES CONTACONTOS!!!

Os nosos contacontos remataron... Pero REPETIREMOS! Foi unha actividade que nos encantou a todos, pequenos e maiores.

Tal e como podedes ver picando na imaxe, os máis votados foron Alex e Brais de 5º de EP. Noraboa!

RAPACES E RAPAZAS, todos sodes gañadores, pois todos o fixestes MOI MOI BEN e lle puxestes ganas, empeño e ilusión e así nolo transmitiades.

Moitas grazas a todos os que participastes: todos sodes "OS NOSOS MELLORES CONTA-CONTOS"!!! E que sorte tervos no noso cole 😊



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipigrexasomozas/system/files/ENTREGA%20DE%20PREMIOS.pdf>

PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO

QUE COORDINADOS SOMOS!

Este ano, dende o colexio comezamos a participar no Plan Proxecta de PDC - Centros activos e saudables, que ten como obxectivo que toda a comunidade educativa adquira hábitos e estilos de vida saudable. Para isto levaremos a cabo diversas actividades diferentes e en distintos entornos; actividades como coñecer novos deportes, bailar, pautas de hixiene e actitude postural, camiñatas pola natureza...

En principio o grosu destas actividades realizarase un día á semana de cada mes.

Ata o de agora os rapaces xa puideron disfrutar dunha xornada de padel e unha de baile.

Estas imaxes demostran o coordinados que son os nosos rapaces.



QUE BEN O PASAMOS NA PISCINA!!!!!!

Fai uns días fomos á piscina e aquí vos deixamos algunhas fotografías. Que ben o pasamos, grandes e pequenos.

Os nenos e as nenas non querían marchar e os profes encantados de ver como disfrutaban. Sabedes que? Axiña volveremos!!!

Moitas grazas a Lucía, Candela e Lidia do Complexo Multiusos de As Somozas.



RCP

Os nenos e as nenas de Educación Infantil aprendemos unha nova canción que nos gustou moito e que nos ensinou aspectos relacionados coa RCP.

Por iso quixemos ensinarllela aos nosos compañeiros e compañeiras de E.P. con sorpresa incluída: cada un de nós elixía a un neno ou a unha nena para que nos fixese de "boneco" e así poder dramatizar unha RCP ao ritmo da canción.

Volveremos a cantala para que nos poidan gravar e así poidades ver que ben o facemos!



SEMANA DA FROITA

Esta semana levamos a cabo a SEMANA DA FROITA. Así cada día da semana, podemos degustar unha froita.

Ademais, en cada unha das nosas aulas, recordamos hábitos saudables que nos axudan a medrar fortes e sans, así como a proporcionarlle ao noso corpo os nutrientes precisos para estes cambios de temperaturas que están tendo lugar no noso contorno.



SEMANA DA FROITA



METEOMARBÁN

UN ANO MÁIS, COMEZAMOS...

E un ano máis comezamos co proxecto Meteomarbán, que ten como obxectivo que toda a comunidade educativa observe e investigue a meteoroloxía do contorno.

Este curso ampliamos a nosa caseta meteorolóxica, grazas á profe Soco (unha aperta moi grande)!

Así, ademais do pluviómetro e do termómetro, contamos cun higrómetro, cun catavento e cun anemómetro.



NOVA RUTINA...

Como o curso pasado, cada aula vai un día á semana á caseta meteorolóxica para recoller os datos e introducilos na páxina web de MeteoGalicia.

Ademais este curso tamén recollemos os datos nesta árbore que podedes ver na imaxe, na que aparecen todos os meses do ano cos seus correspondentes días e en cada folla anotamos o tempo que vai ese día, a temperatura máxima e a temperatura mínima e a dirección e a intensidade do vento.



REXISTRO NAS AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Todas as aulas do centro rexistran diariamente o tempo meteorolóxico e nas aulas de Educación Infantil facémolo con pedriñas e pinzas que, ao rematar o mes, contamos. Así obtemos rexistros mensuais do tempo meteorolóxico.

Ademais das pedriñas e pinzas tamén o rexistramos en papel, coloreando un cadriño (aula 3 e 4 anos) ou un círculo (aula de 5 anos) segundo o tempo que vai cada día na nosa zona.

Deixámosvos esta imaxe para que vexades estes materiais que vos acabamos de describir.



PASAPALABRA

Os nenos e as nenas de 3º e 4º de E.P. pasárono xenial con este xogo.

Ademais aprenderon vocabulario relacionado coa meteoroloxía que nos ensinarán ao resto das aulas mediante esta actividade tan divertida.

Velaquí o vídeo!

<https://www.youtube.com/watch?v=3FFe414obnM&feature=youtu.be>

BONECOS DE NEVE

Logo de pasar uns días fríos, os nenos e as nenas do colexio decidimos diseñar estes bonecos de neve.

Ademais investigamos sobre a neve, o vento e a choiva.



FLOTA OU NON FLOTA?

Os nenos e as nenas de 1º e 2º de EP están investigando sobre os estados da auga. Así, para experimentar co estado líquido e as propiedades dos materiais (corcho, plastilina, plástico, metal,...) levaron a cabo un experimento con plastilina, co que comprobaron que os materiais flotan dependendo da súa forma e do seu volume.

Se picades enriba da imaxe poderedes observar un vídeo, no que observaredes como levaron a cabo o experimento.

<https://www.kizoa.es/Editar-V%C3%ADdeos-Movie-Maker/d258130942k4043514o111/flota>

3, 2, 1,... GRAVANDO!

Os nenos e as nenas de 5º e 6º de EP están investigando sobre o clima e, para iso, elaboraron uns pequenos avances informativos sobre as predicións meteorolóxicas para os vindeiros días.

Primeiro, prepararon uns mapas de Galicia e, en cada unha das súas provincias, debuxaron a predición metereolóxica seguindo a simboloxía establecida por MeteoGalicia. A continuación gravaron estas predicións, como se fosen "homes e mulleres do tempo". MOI BEN!!!!

Xa están a traballar en mapas e predicións meteorolóxicas para a nosa zona, para o que pediron a colaboración de todos os compañeiros e compañeiras do colexio. ACERTAREMOS ALGO?

<https://www.youtube.com/watch?v=x0hTTeKKtNA&feature=youtu.be>

O PAPEL QUE NON SE MOLLA

Os nenos e as nenas de Educación Infantil tiveron a oportunidade de comprobar que se meten un papel dentro dun vaso, nel, non soamente está o papel, senón que... TEN AI-RE!

O aire é invisible, pero tamén está aí e ocupa un espazo. Así cando fai vento non o podemos ver...

Ao mergullar o vaso co papel na auga saían burbullas... Por iso o papel non se mollaba!

Se picades nesta imaxe observaredes o vídeo deste experimento que nos axudou a facer a profe Celia.

<https://www.kizoa.es/Editar-V%C3%ADdeos-Movie-Maker/d265143709k8962733o111/o-papel-que-non-se-molla>

PREDICIÓN METEOROLÓXICA

E esta foi a investigación levada a cabo polos nenos e polas nenas de 1º e 2º de Educación Primaria para elaborar a sección do xornal sobre Meteoroloxía: fixeron unha predición meteorolóxica para a vindeira semana.

Aínda que na nosa zona o tempo está algo revoltado... A verdade é que non se enganaron moito. Moi ben rapaces e rapazas!



A LATA MÁXICA

Desta volta, o reto que tiveron que resolver os nenos e as nenas de Educación Infantil foi o seguinte: debían conseguir que unha lata saíse dunha taza sen tocala. Como o fixeron? Pois... soprando!

Pero ollo! Tíñano que facer entre o oco que queda entre a lata e a taza e así a lata... sae disparada!

Isto non é maxia, é debido ao EFECTO COANDA.


<https://www.kizoa.es/Editar-V%C3%ADdeos-Movie-Maker/d269117479k3782483o111/a-lata-mxica->

A XOGAR!!!

Queremos ensinarvos un dos nosos xogos favoritos relacionados coa meteoroloxía: o dominó meteorolóxico.

Nas nosas aulas contamos con diversos xogos tradicionais que tratan esta temática, como puzzles, sombras, de parellas,... Pero, sen dúbida, o que máis nos gusta é este dominó. Con el xogamos en gran grupo, en pequeno grupo, por parellas,...

Grazas a este xogo poñemos en práctica aspectos relacionados coa lateralidade, posición, quendas, percepción visual, memoria, atención,...



DESEXÁMOSVOS

BÓ VERÁN

